




Xogade

COÑECE O MEU CLUB

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR



COÑECE O MEU CLUB

COÑECE O MEU CLUB

Entre os obxectivos que a Secretaría Xeral para o Deporte quere alcanzar co seu programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos en idade escolar) atópanse entre outros:

Incrementar a participación en actividades físico-deportivas en horario non lectivo das poboacións escolares.

Impulsar a función integradora e de cohesión social do deporte.

Fomentar a práctica de actividade física como hábito "activo" necesario para a ocupación do tempo de ocio dos nosos escolares na sociedade actual.

Para lograr estes obxectivos, a Secretaría Xeral para o Deporte, ademais das actividades que xa se veñen realizando no programa Xogade, lanza de forma complementaria este ano, como novidade, a actividade "Coñece o meu club". Esta actividade ten unha dobre intención, por un lado, que os clubs crezan fomentando o deporte de base e por outro, preténdeselles facilitar aos escolares o coñecemento dos recursos deportivos dispoñibles na súa poboación, ofrecerlles unha alternativa de ocupación para o seu tempo de ocio e fomentar a práctica de actividade física da nosa poboación escolar, colaborar na consecución de hábitos cada vez máis activos.

EN QUE CONSISTE?

Os técnicos do club visitarán os centros escolares para facer unha presentación do seu deporte, explicar o funcionamento do club (localización, horarios de adestramento, competicións...) e invitará os escolares a compartir un dos seus adestramentos. Crearase así un vínculo importante entre o centro escolar e o club da localidade.

O centro escolar deberá emitirlle un certificado por duplicado ao club que realice a actividade, unha vez finalizada esta. No certificado deberán aparecer os seguintes datos:

- Nome do club
- Modalidade/es deportiva/s que practica
- Localización
- Distancia con respecto o centro de ensino
- Nome de cada un dos técnicos que levou a cabo a actividade no centro escolar
- Titulación de cada un dos técnicos
- Cargos que desempeñan no club
- Data e horario da actividade

- Cursos e número de alumnos aos que foi dirixida a actividade
- Pequena memoria da actividade
- Valoración por parte do responsable da actividade no centro

Será responsabilidade do club que o certificado reflita os datos aquí mencionados para garantir que poidan ser valorados en futuras convocatorias de axuda, se así se establece.

A QUEN VAI DIRIXIDO?

Aos clubs deportivos que estean inscritos no rexistro de clubs da Comunidade Autónoma de Galicia.

COMO FACER A SOLICITUDE?

Os clubs interesados atoparán na páxina web www.deporte.galego.es o enlace de XOGADE para realizar a inscrición a través da aplicación web: www.deporte.escolargalego.org.

Ao realizar a inscrición poñerán os seus datos á dispoñibilidade dos centros de ensino da súa localidade interesados nesta actividade.

QUE TEN QUE FACER O CENTRO ESCOLAR?

O centro escolar interesado nesta actividade, obterá na aplicación www.deporte.escolargalego.org a listaxe de clubs inscritos en "Coñece o meu club" que pertencen a súa localidade.

En caso de ter interese en que algún deles visite o centro escolar, deberá poñerse en contacto co servizo provincial correspondente.

Servizo Provincial da Coruña: 981 132 443

Servizo Provincial de Lugo: 982 294 560

Servizo Provincial de Ourense: 988 386 050

Servizo Provincial de Pontevedra: 986 805 289-986 206 527

COMO SE LEVARÁ A CABO A ACTIVIDADE?

A actividade deberase levar a cabo en horario lectivo, coa excepción da fase 5 que poderá ser en horario lectivo ou non lectivo segundo acordo entre o centro escolar e o club.

FASE 1:

Inscrición dos clubs interesados na actividade.

FASE 2:

Revisión das inscricións por parte do centro escolar interesado na actividade a través da aplicación web, onde terá a súa disposición os datos de contacto dos clubs interesados que pertencen á mesma localidade que o centro escolar.

FASE 3:

O centro escolar porase en contacto co club e fixarán entre ambos os dous unha data para a realización da visita por parte dos técnicos do club.

Esta visita realizarase preferiblemente en horario lectivo para que todo o alumnado poida ter acceso a ese primeiro contacto.

FASE 4:

Posta en práctica da actividade no centro por parte dos técnicos do club. Deberán explicar onde se atopan, cal é a historia do club, cales son as súas actividades, instalacións empregadas, horarios de adestramentos, grupos de traballo, calendarios de competicións e levar a cabo unha sesión práctica de primeiro contacto coa súa modalidade deportiva, intentando espertar o interese do alumnado pola actividade, que deberá estar sempre adaptada á idade dos participantes e supervisada polo profesor responsable desta no centro.

FASE 5:

O club deberá poñer as súas instalacións a disposición do centro para que poida visitalas co alumnado interesado e poder participar nun dos adestramentos. Terase en conta a necesidade de propoñer actividades de promoción adaptadas á idade e ao nivel destes.

O transporte, en caso de ser necesario, irá a cargo do centro

escolar, aínda que esta actividade está pensada para clubs da mesma localidade que o centro escolar, onde a distancia entre ambos non pode ser un problema, xa que a intención é que o alumnado que o desexe poida adherirse ás actividades do club de forma habitual no seu tempo de ocio.

Unha vez finalizada a actividade o club solicitará un certificado por duplicado na dirección do centro conforme realizou esta actividade. No certificado deberán constar obrigatoriamente o detallado anteriormente neste documento.

Un dos certificados deberá ser remitido polo centro educativo ao Servizo Provincial correspondente, ao enderezo que figura no directorio do programa Xogade.

O outro exemplar permanecerá en posesión do club para poder ser presentado en futuras solicitudes de axudas ou subvencións nas que así se detalle.

PARA MAIS INFORMACIÓN:

Poñerse en contacto coa Secretaría Xeral para o Deporte ou o servizo provincial correspondente. Os enderezos, teléfonos e correos electrónicos pódense atopar na aplicación www.deporteescolargalego.org na epígrafe de enderezos da páxina de inicio.